



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN XOC AGRUPACIÓNS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL "DANZA 3" EN 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Federación XOC Agrupacións de danza e música tradicional galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para realización conxunta do programa de baile e música tradicional "Danza 3", que se desenvolverá en 18 concellos galegos entre maio e outubro de 2026 e incluírá 12 espectáculos de baile tradicional e seis actuacións de música tradicional, a través de diferentes tipos de formacións: charanga, cuarteto, pandeireteiras...

As actuacións desenvolveranse nos concellos de O Barco de Valdeorras, Marín, Carnota, Sanxenxo, Vimianzo, Oroso (Sigüeiro), Covelo, Ramirás, Rianxo, Pazos de Borbén, Allariz, Forcarei, Oza-Cesures, As Pontes de García Rodríguez, Padrón, Burela, Vila de Cruces e Cangas de Morrazo.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

"Danza 3" é un proxecto arredor do folclore que desenvolve espectáculos de música e baile tradicional co obxectivo de visibilizar o baile e a música tradicionais de Galicia. Creado en 2008 a través da colaboración entre a Agadic e a Federación XOC, os sucesivos espectáculos das agrupacións percorreron Galicia contribuíndo así á difusión e divulgación dunha parte esencial da cultura de Galicia e proporcionándolle ao público unha información fundamental para que poida comprender e valorar na súa xusta medida a importancia do noso patrimonio inmaterial, fin de interese público que ambas entidades comparten. Durante estes anos, as agrupacións levaron os seus espectáculos en diferentes formatos por máis de 200 concellos de Galicia, nun circuito definitivamente consolidado grazas ao afianzamento dunha imaxe propia respaldada polos lugares onde se desenvolven as actuacións.

O proxecto reúne as claves que fundamentaron a recuperación do folclore galego e a súa consideración como un conxunto de saberes intrinsecamente valioso (o traballo de





campo, a compilación de material videográfico, a edición e publicación de discos e monografías baseados neste material, etc.) cos elementos que cabe atopar detrás do concepto de espectáculo: deseño escenográfico, recurso a equipos técnicos de luz e son, elaboración detallada da posta en escena, etc.

A Agadic, como entidade pública que busca a preservación e difusión da cultura galega e que pretende garantir a viabilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positiva, entende que Danza 3 reúne as claves que fundamentaron a recuperación do folclore galego e a súa consideración como un conxunto de saberes intrinsecamente valioso (o traballo de campo, a compilación de material videográfico, a edición e publicación de discos e monografías baseados neste material, etc.). E considera, por tanto, importante establecer accións conxuntas coa Federación que permitan a coorganización deste programa. A colaboración entre ambas as entidades susténtase nesa necesidade común de visibilizar o baile e a música tradicionais de Galicia e de difundir e divulgar unha parte esencial da cultura de Galicia. Dada a especificidade das actuacións de que se trata, así como o interese cultural e social das mesmas, ao que hai que sumar o valor de recuperación do noso patrimonio inmaterial, non é posible a concorrencia pública, ao ser únicas actividades deste tipo que se desenvolven na comunidade autónoma con estas especiais e singulares características. O traballo específico da entidade no estudo das tradicións, costumes, hábitos e expresións culturais e populares así como o seu arquivo e difusión; o seu compromiso na recuperación da etnografía e todo o que iso englobe (músicas, bailes, cancións e vestimentas tradicionais), a súa capacidade para crear espectáculos de alta calidade, así como a inclusión desta actividade na planificación estratéxica da Agadic xustifican a formalización do convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

